

LIBERTO

“...todo desprende verdade,
todo ten o latexo desa actualidade corrente
que golpea nos momentos máis inesperados.”

Manuel Xestoso, crítica Revista Galega de Teatro

**CRIS
IGLESIAS**

**ROCÍO
GONZÁLEZ**

**LUCÍA
ALDAO**

Produce

rebordelos

Subvenciona

Deputación
DA CORUÑA

Colabora

oio
Č

UN TEXTO DE
GEMMA BRIÓ

DIRECCIÓN
TAMARA CANOSA



QUE É LIBERTO?

Liberto é unha **peza teatral en galego** ambientada na **Galicia actual**. O espectáculo situouse como a revelación da escena galega cando logrou facerse co **máximo número de finalistas na derradeira edición dos Premios de Teatro María Casares**. A obra conseguiu erguerse como finalista nas categorías de mellor espectáculo, dirección, actriz protagonista, actriz secundaria, música orixinal, adaptación e iluminación. Un aval de que a peza sorprende e supón unha experiencia para as e os asistentes.

É unha creación de mulleres con **enfoque feminista** en canto mostra unha parte silenciada no relato social sobre a maternidade. Escrita, dirixida e interpretada por mulleres, amosa como a saúde dalguén querido é quen de parar, de repente, unha vida que ía a toda vela. **Liberto narra a travesía que supón unha persoa amada na UCI** e faino, misteriosamente, recorrendo aos mesmos himnos e símbolos que se estenderon socialmente durante o confinamento como espazos de resiliencia.

Dúas irmáns e unha cantante, acompañadas de música en directo, diríxense directamente ao público para contarlles un relato vivido entre corredoiros de hospital. Liberto conta a historia de Ada, que co nacemento do seu segundo fillo viviu a experiencia máis determinante da súa vida. A obra transcorre entre salas de espera do SERGAS e amosa a loita dunha nai polo seu fillo e a súa determinación por procurarlle o mellor, aínda que isto supoña saltar ao vacío e asumir a súa perda.

Liberto fala da resiliencia que agroma no dó por un ser querido, da nosa capacidade para sobrepoñernos e da importancia dunha **sanidade pública** que nos acolla cando toda a nosa vida queda en suspenso. É unha creación artística que claramente difunde valores democráticos e de **cohesión social** que axudan á cidadanía a **comprender o momento histórico** que estamos a vivir.



#CREACIÓNDEMULLERES **#PERPECTIVADEXÉNERO** **#DÓ**
#ACTUALIDADEGALICIA **#SANIDADEPÚBLICA** **#RESILIENCIA**
#7FINALISTASPREMIOSMARÍACASARES **#TEATROSOCIAL**



LUCÍA ALDAO


ROCÍO GONZÁLEZ

CRIS IGLESIAS

CADERNO PEDAGÓXICO

Liberto distribúese cun **CADERNO PEDAGÓXICO** para traballar aspectos coma a visión da maternidade, a dignidade persoal e a situación social dos coidados. O caderno está deseñado para ofrecer actividades a estudantes dos últimos cursos da ESO e de Bacharelato, sen perder de vista o público adulto. Buscamos, desta forma, ampliar a experiencia da obra e aportar elementos para a reflexión.

CACHÉ 2990€+IVE



*Paxariños que voades
polas follas dos loureiros,
deixade durmir ao neno
que está no sono primeiro.*

Autoría **Gemma Brió**
Elenco **Rocío González, Cris Iglesias
e Lucía Aldao**

Produción Executiva **Luisa Romeo**
Escenografía e iluminación **J.M. Faro "Coti"**
Son **Jas Processor**

Música orixinal **Lucía Aldao**

Coreografía **Rut Balbís**

Tradución **María Vázquez e Tamara Canosa**

Dirección e adaptación **Tamara Canosa**

Distribución **Culturactiva**

Duración **80 minutos**

O TEXTO

Finalista

PREMIOS MAX
AUTORIA REVELACIÓN

PREMIO BUTACA
MELLOR TEXTO TEATRAL

[VER TRAILER](#)



"Todo desprende verdade, todo ten o latexo desa actualidade corrente que golpea nos momentos máis inesperados."



Diario Cultural

"É unha peza que te atrapa dende o minuto un ata o final"

WEB



"É un teatro moi, moi valente"

praza

"LIBERTO, mulleres libres que se atreven co máis difícil e que nos fan elevarnos da miseria. Canto desfrutei vendo LIBERTO!"

XXIV PREMIOS DE TEATRO
María Casares

7 FINALISTAS

ESPECTÁCULO
DIRECCIÓN
ACTRIZ PRINCIPAL
ACTRIZ SECUNDARIA
ADAPTACIÓN/TRADUCCIÓN
ILUMINACIÓN
MÚSICA

LIBERTO